

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020271	IES Plurilingüe As Bizocas	O Grove	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	3º ESO	2	70

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

1. Introducción

Comezamos esta programación referíndonos ao informe que o Parlamento Europeo realizou en 2007 sobre o papel que o deporte debe xogar na educación. No apartado A do referido informe, recóllese: "La educación física es la única materia escolar que tiene por objeto preparar a los niños para una vida sana, concentrándose en su desarrollo físico y mental general e inculcándoles valores sociales importantes, como la honradez, la autodisciplina, la solidaridad, el espíritu de equipo, la tolerancia y el juego limpio". No apartado de exposición dos motivos que levaron ao Parlamento Europeo a realizar este informe, expónse ¿La educación física tiene que ver con el aprendizaje de las capacidades, el desarrollo de las condiciones mentales adecuadas y el entendimiento necesario para participar en actividades físicas, el conocimiento del propio cuerpo y de su alcance y su capacidad de movimiento y de practicar actividades físicas beneficiosas para la salud a lo largo de toda la vida?. Así mesmo, temos en conta, na elaboración desta programación, as mensaxes principais que a Organización Mundial da Saúde incluíu no ano 2020 nas súas derradeiras directrices sobre actividade física e hábitos sedentarios.

Se algo xa tiñamos claro pero co confinamento mostrouse cara a toda a sociedade como unha necesidade de 1º orde, foi que a práctica regular de exercicio físico é fundamental para manter a nosa SAUDE, física, mental e social, de aí a importancia de dotar ao noso alumnado das ferramentas e dos coñecementos necesarios para ser autónomos na súa xestión dos hábitos de vida saudable. Así, as liñas de actuación que seguiremos na nosa materia sexan:

- Promover o desenvolvemento integral do alumnado a través da EDUCACIÓN física tendo en conta as súas características (motrices, cognitivas, afectivas, sociais e comunicativas)
- Proporcionar experiencias positivas que contribúan a que o meu alumnado adquira e manteña no tempo hábitos de vida saudable.
- Promover e participar en actividades de carácter interdisciplinar que faciliten a aprendizaxe significativa do alumnado.

1.1 Contextualización e características do centro:

O I.E.S. As Bizocas é un centro pequeno de 9 unidades, no que unicamente cursa estudos alumnado de Ensinanza Secundaria Obrigatoria. No primeiro ciclo da ESO, hai tres grupos de 1º ESO, dous de 2º ESO e dous de 3º, mentres que no segundo ciclo hai dous grupos de 4º de ESO. En total 176 alumnos/as repartidos do seguinte xeito:

- 1ºESO A: 14 alumnos/as, dos cales 1 é repetidor.
- 1ºESO B: 17 alumnos/as, dos que 2 son repetidores
- 1ºESO C: 17 alumnos/as, dos que 2 son repetidores
- 2ºESO A: 25 alumnos/as, dos que 1 é repetidor
- 2ºESO B: 25 alumnos/as, dos que 1 é repetidor
- 3ºESO A: 21 alumnos/as, dos que 1 é repetidor
- 3ºESO B: 21 alumnos/as, dos que 2 son repetidores
- 4ºESO A: 18 alumnos/as, dos que 1 é repetidor
- 4ºESO B: 18 alumnos/as. Non hai alumnado repetidor

O centro está situado en San Vicente do Mar, no Concello do Grove, a escasos 100 metros da praia. O entorno cultural e económico podemos definilo como medio, cun grao de integración social normal para a maioría dos/as alumnos/as e cunha porcentaxe de inmigrantes baixa.

A materia ten que impartirse en galego tanto e 2º como en 4º.

1.2. Características do alumnado.

A Educación Secundaria Obrigatoria abarca un amplo período de tempo no que se produce unha transición fisiolóxica e psicolóxica dende a nenez ata á madurez. Na adolescencia, o alumnado sofre cambios importantes, tanto físicos como sociais e psicolóxicos, que van condicionar a práctica nas clase de Educación Física. Na seguinte táboa mostramos un resumen destes cambios:

DESENVOLVEMENTO FÍSICO:

- Prodúcese un aumento de estatura e peso.
- Aumento da masa muscular e diminución da graxa sobre todo nos rapaces.
- Aumento da forza e da resistencia, sobre todo nos rapaces.
- Cambios hormonais (aumento de testosterona e estróxenos)
- Ten lugar a maduración sexual.

DESENVOLVEMENTO PSICOLÓXICO

- Autoafirmación.
- Inestabilidade emocional.
- Búsqueda da identidade persoal.
- Elaboración do autoconcepto.

RELACIÓNS SOCIAIS NA ADOLESCENCIA

- Rebeldía respecto do adulto.
- O grupo asume unha importancia e influencia moi grande.
- Intolerancia.
- Independencia.
- Idealismo social.
- Intereses profesionais.

Os aspectos abordados nesta materia tentarán contribuír a que o alumnado entenda e asuma estes cambios, creando unha base sólida e saudable para o desenvolvemento tanto dos aspectos individuais, como de relación cos demais. Ata a chegada do COVID19, o habitual neste centro era que unha grande maioría do alumnado (arredor do 80%) practicase actividade física ou deportiva fóra do horario escolar.

A porcentaxe de aprobados na materia no pasado curso estivo por enriba do 85% en todos os cursos.

1.3 Instalacións:

Para o desenvolvemento das clases de Educación Física dispoñemos dos seguintes espazos:

- AULA DE EDUCACIÓN FÍSICA. De 25 m de longo por 16 m de ancho con chan sintético .Ten marcada unha pista de baloncesto, unha de voleibol, unha de balonmán e tres de bádminton.
- PISTA EXTERIOR. Polideportiva de 40 x 20m, marcada cunha pista de fútbol sala. Ten ademais dous taboleiros de baloncesto.
- ENTORNO que rodea ao edificio, con algunha zona verde, escaleiras, un patio cuberto e bancos de madeira.
- ESPAZOS NATURAIS PRÓXIMOS AO CENTRO como unha praia situada a uns 100 m do centro e unha zona verde tamén a 100 metros do centro cun sendeiro de 2 km.

1.4 O Departamento de Educación Física:

Neste curso o departamento estará composto por dúas persoas, Carlos Domínguez Soutullo e M^a del Pilar López Graña, xa que a profesora que ata o momento ocupaba este departamento de xeito unipersoal (M^a del Pilar) , fará labores de secretaria.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Móvome para estar san III	A partir do coñecemento das recomendacións que sobre actividade física	33	26	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Móvome para estar san III	en adolescentes fixo a OMS, desenvolveremos contidos relacionados coas capacidades físicas da forza e da flexibilidade (definición, compoñentes, beneficios sobre a saúde, tipos, etc..) que permitan ao alumnado xestionar o seu adestramento baixo parámetros de saúde, seguridade e responsabilidade. Para elo coñeceremos diferentes métodos de traballo da forza: autocargas (calistenia) , traballo por parellas e pequenas sobrecargas, así como o sistema muscular e o efecto sobre este ten o adestramento continuo da forza. Tamén coñeceremos diferentes métodos de traballo da flexibilidade (activo e pasivo) incidindo nas súas repercusións positivas sobre a saúde. Os contidos dados no pasado curso sobre educación postural, servirán de base para o desenvolvemento desta UD.	33	26	X		
2	Somos como Carolina Marín	Desenvolvemento de contidos sobre o deporte de oposición bádminton, maioritariamente na súa vertiente de cooperación e oposición (modalidade de dobres), dende un punto de vista técnico e táctico. Empregaremos quecementos específicos e relacionaremos esta UD coa anterior, aplicando ao bádminton contidos de forza, flexibilidade e sistema muscular traballados na UD1. Tamén traballaremos contidos relacionados cos primeiros auxilios (actuación ante hemorraxias nasais, síncope e paradas cardiorrespiratorias) Empregaremos a figura de Carolina Marín para reflexionar críticamente sobre a imaxe da muller no deporte, en comparación ca dos homes deportistas.	33	22		X	
3	Comunícome sen falar	Desenvolveremos contidos relacionados co uso comunicativo da corporalidade a través da dramatización(capacidade comunicativa dos xestos, das posturas, do espazo, etc.) e coa autorregulación emocional, centrándonos no control da respiración como medio de regulación emocional.	34	22			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Móvome para estar san III	26

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Prepara, executa e dirixe quecementos e voltas á calma.	PE	40
CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	Argumenta a súa opinión en base a criterios científicos.		
CA2.4 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñece e aplica correctamente a técnica de execución, así como quecementos e voltas á calma.		
CA1.1 - Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Mellora o seu nivel inicial	TI	60
CA1.4 - Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Envía os traballos solicitados respectando as normas de envío		
CA2.2 - Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Envía os traballos solicitados respectando as normas de envío		
CA2.3 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participa asumindo a súa responsabilidade.		
CA3.1 - Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Envía os traballos solicitados respectando as normas de envío		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolve os proxectos e coavalía o proceso e o resultado		
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	Executa con coñecemento e control corporal		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices e proxectos para alcanzar o logro individual e grupal, participando con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final.	Colabora con autonomía na elaboración e execución de producións individuais ou grupais.		
CA4.1 - Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practica e participa con esforzo constante e respecto		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz e situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Relaciónase e enténdese cos demais con respecto e facendo un uso afectivo das habilidades sociais.		
CA5.1 - Practicar actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo, valorando as súas orixes, e relacionándoas coa cultura propia, coa tradicional ou coas procedentes doutros lugares do mundo.	Practica		
CA5.2 - Crear e representar composicións individuais ou colectivas con e sen base musical e de maneira coordinada, utilizando intencionadamente e con autonomía o corpo e o movemento como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas específicas e axudando a difundir e a compartir estas prácticas culturais entre compañeiros ou outros membros da comunidade.	Representa de maneira coordinada		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adopta e executa de xeito responsable e autónomo medidas preventivas antes e despois da práctica de actividade física		
CA6.2 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando destes de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir, sendo conscientes da súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións intencionadas dirixidas á conservación e á mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Participa e respecta o entorno		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas no medio natural e urbano asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Participa e respecta o entorno		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Saúde física:
 - Control de resultados e variables fisiolóxicas básicas como consecuencia do exercicio físico.
 - Autorregulación do adestramento.
 - Alimentación saudable e análise crítica da publicidade.
 - Educación postural: movementos, posturas e estiramientos ante dores musculares.
 - Ergonomía en actividades cotiás.
 - Prácticas insás, mitos e falsas crenzas arredor do corpo e da actividade física.
 - Importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física.
- Saúde mental:
 - Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas.
- Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeiras de realización.
- Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo.
- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices:
 - Xestión do risco propio e do dos demais.
 - Medidas colectivas de seguridade.
- Toma de decisións:
 - Procura de adaptacións para resolver eficientemente tarefas de certa complexidade en situacións motrices individuais.
 - Resolución coordinada en situacións motrices cooperativas.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal, toma de decisións na realización dunha actividade motriz acerca dos mecanismos coordinativos, espaciais e temporais para resolvela adecuadamente.
- Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas (forza e resistencia).
 - Sistemas de adestramento.
- Habilidades motrices específicas en actividades físico-deportivas: execución, identificación e corrección de erros máis comúns.
- Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problemas con resolución posible de acordo cos recursos dispoñibles.
- Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices.
 - Capacidades volitivas e de superación.
- Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices.
- Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e de actividade física.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Usos comunicativos da corporalidade: técnicas específicas de expresión corporal. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo. - Respecto ás normas viarias nos desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura e sostible. - Actitude crítica ante barreiras arquitectónicas e obstáculos da contorna que impidan ou dificulten a actividade física autónoma e saudable no espazo público e viario. - Análise e xestión do risco propio e do dos demais nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano, medidas colectivas de seguridade. - Consumo responsable: uso sostible e mantemento de recursos urbanos e naturais para a práctica da actividade física. - Deseño de actividades físicas no medio natural e urbano. - Coidado e mantemento da contorna próxima como servizo á comunidade durante a práctica de actividade física en contornas naturais e urbanas, facendo un uso sostible e responsable.

UD	Título da UD	Duración
2	Somos como Carolina Marín	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante situacións de emerxencia ou accidentes aplicando medidas específicas de primeiros auxilios.	Coñece e aplica protocolo correctamente segundo as circunstancias	PE	40
CA2.4 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñece e aplica		
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Deseña e dirixe quecementos específicos con autonomía	TI	60
CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	Actúa con respecto en todas as circunstancias		
CA2.3 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participa activamente en todas as sesións e tarefas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolve proxectos motores asumindo as súas responsabilidades en cada un deles		
CA3.3 - Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando eficientemente as propias capacidades e aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación.	Resolve situacións de oposición e de colaboración-oposición		
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	Evidencia control e dominio corporal nas situacións ás que se enfrenta		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices e proxectos para alcanzar o logro individual e grupal, participando con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final.	Colabora activamente asumindo o seu rol		
CA4.1 - Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practica y participa activamente en todas as tarefas e sesións		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz e situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Relaciónase con respecto		
CA4.3 - Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade, identificando os factores que contribúen ao seu mantemento e axudando a difundir referentes de distintos xéneros no ámbito físico-deportivo.	Adopta actitudes críticas		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adopta de maneira responsable e autónoma		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando destes de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir, sendo conscientes da súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións intencionadas dirixidas á conservación e á mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Participa activa e responsablemente		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas no medio natural e urbano asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Participa activa e responsablemente		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada. - Ergonomía en actividades cotiás. - Coidado do corpo: quecemento específico autónomo. - Importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Esixencias e presións da competición. - Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza nos medios de comunicación e redes sociais. - Efectos negativos dos modelos estéticos predominantes e trastornos vinculados ao culto insán ao corpo. - Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas. - Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo. - Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: <ul style="list-style-type: none"> - Xestión do risco propio e do dos demais. - Medidas colectivas de seguridade. - Actuacións críticas ante accidentes: <ul style="list-style-type: none"> - Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA). - Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar). - Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares). - Toma de decisións:

Contidos

- Procura de adaptacións para resolver eficientemente tarefas de certa complexidade en situacións motrices individuais.
- Resolución coordinada en situacións motrices cooperativas.
- Elección dunha resposta óptima en función do movemento do rival, así como da situación do móbil, se o hai.
- Organización anticipada das accións individuais en función das características do contrario en situacións de oposición de contacto.
- Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo propio e do rival en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal, toma de decisións na realización dunha actividade motriz acerca dos mecanismos coordinativos, espaciais e temporais para resolvela adecuadamente.
- Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas (forza e resistencia).
- Habilidades motrices específicas en actividades físico-deportivas: execución, identificación e corrección de erros máis comúns.
- Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problemas con resolución posible de acordo cos recursos dispoñibles.
- Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices.
 - Capacidades volitivas e de superación.
- Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices.
- Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e de actividade física.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: historia do deporte desde a perspectiva de xénero.
 - Igualdade no acceso ao deporte.
 - Estereotipos de competencia motriz percibida segundo o xénero, a idade ou calquera outra característica.
 - Exemplos de deportistas de Galicia de diferentes sexos, idades e outros parámetros de referencia.
- Análise e xestión do risco propio e do dos demais nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano, medidas colectivas de seguridade.
- Deseño de actividades físicas no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
3	Comúnicome sen falar	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñece e aplica	PE	40
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Incorpora de forma autónoma e responsable		
CA2.3 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participa activamente		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolve de xeito activo		
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	Emprega de xeito desinhibido e creativo		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices e proxectos para alcanzar o logro individual e grupal, participando con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final.	Colabora de forma activa e responsable	TI	60
CA4.1 - Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practica e participa activamente		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz e situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Relaciónase de xeito sempre respectuoso		
CA5.1 - Practicar actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo, valorando as súas orixes, e relacionándoas coa cultura propia, coa tradicional ou coas procedentes doutros lugares do mundo.	Practica de xeito desinhibido		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Crear e representar composicións individuais ou colectivas con e sen base musical e de maneira coordinada, utilizando intencionadamente e con autonomía o corpo e o movemento como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas específicas e axudando a difundir e a compartir estas prácticas culturais entre compañeiros ou outros membros da comunidade.	Crea e representa empregando o seu corpo con intencionalidade expresiva		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adopta de maneira autónoma e responsable		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Ergonomía en actividades cotiás. - Importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. - Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeiras de realización. - Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: <ul style="list-style-type: none"> - Xestión do risco propio e do dos demais. - Medidas colectivas de seguridade. - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Procura de adaptacións para resolver eficientemente tarefas de certa complexidade en situacións motrices individuais. - Resolución coordinada en situacións motrices cooperativas. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal, toma de decisións na realización dunha actividade motriz acerca dos mecanismos coordinativos, espaciais e temporais para resolvela adecuadamente. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problemas con resolución posible de acordo cos recursos dispoñibles. - Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices. <ul style="list-style-type: none"> - Capacidades volitivas e de superación. - Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices. - Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e de actividade física. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Usos comunicativos da corporalidade: técnicas específicas de expresión corporal.

Contidos

- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.
- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual.
- Análise e xestión do risco propio e do dos demais nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano, medidas colectivas de seguridade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os criterios metodolóxicos que rexen a nosa programación serán os seguintes: metodoloxías activas e contextualizadas, uso de estruturas de aprendizaxe cooperativas, deseño de tarefas e secuencias adaptadas aos diferentes niveis, formas e ritmos de aprendizaxe distintos co fin de atender á diversidade, uso variado dos recursos e materiais, integración das tecnoloxías da información, uso de metodoloxías que teñan a súa base na descuberta guiada, a resolución de problemas, a cooperación e o desenvolvemento da creatividade do alumno.

No desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas tentaremos utilizar estilos de ensino variados, máis ou menos directivos tanto ao longo de cada curso como no transcurso dos diferentes cursos académicos (máis directivos no primeiro trimestre e menos no terceiro; máis directivos no primeiro e no segundo curso e progresivamente menos directivos no terceiro e moito menos no cuarto curso), como en función do tipo de contido a traballar. Utilizaremos tanto a instrución directa *¿dulcificada?* como estilos que promovan a creatividade e o compromiso cognitivo do alumnado, sendo o desenvolvemento da autonomía e responsabilidade do alumnado, un dos eixes da nosa práctica docente.

Igualmente e en coherencia co anterior, utilizaremos diferentes tipos de tarefas, tarefas definidas, semidefinidas e tamén integradas, que nos permitan traballar diferentes competencias á vez en funcións dos diferentes contidos, cursos, niveis e ritmos de aprendizaxe mostrados polos alumnos, aproveitando ao máximo o escaso tempo que temos na nosa área.

A pesares da situación sanitaria, e respectando todas as medidas de seguridade, recorreremos ao traballo cooperativo en tódolos cursos como metodoloxía que permita ao alumnado investigar, interaccionar, dialogar, propor ideas, escoitar, discutilas e construír a súa aprendizaxe, desenvolvendo varias competencias clave e potenciando a inclusión de todo o alumnado.

Aspectos organizativos. Organización do espazo, do tempo e dos alumnos.

a) Respecto a organización do espazo, seguiremos tres premisas básicas:

- 1-Priorizar o uso dos espazos ao aire libre, sempre que as condicións climatolóxicas así o fagan posible.
- 2-Que posibilite que todo o alumnado teña fácil acceso á información, prestando especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- 3-Que permita un aproveitamento óptimo do tempo e do material por parte de todos/as os alumnos/as, evitando a colocación incorrecta do mesmo para evitar posibles accidentes.
- 4- Ao control de continxencias, de xeito que se garante unha práctica segura por parte do alumnado.
- 5-Que o espazo sexa un elemento potenciador das aprendizaxes.

b) Respecto á utilización do tempo, a premisa fundamental que rexerá as propostas prácticas que se fagan será o máximo aproveitamento do tempo de práctica por parte do alumnado, para elo:

- Dende o primeiro momento deixaremos claro as medidas de hixiene a aplicar na clase de Educación Física, para que as mesmas nos fagan perder o menor tempo posible.
- Dende a primeira sesión ensinaremos ao alumnado como debe distribuírse no espazo para manter a distancia social. Tentaremos deste xeito perder o menor tempo posible nas sesións seguintes ao tratar este aspecto.
- Tentaremos ser moi concretos nas fase informativa da sesión.
- Proporemos tarefas con alto grado de compromiso motor, minimizando a utilización dos recursos materiais e maximizando o uso dos espazos dos que dispoñemos.
- Que haxa un contínuum nas tarefas a realizar nunha mesma sesión e entre sesións, de modo que non se perda tempo na organización dos grupos, na súa distribución...
- Para inculcar hábitos de hixiene ao alumnado, nos últimos minutos de cada clase o alumnado poderá ir a asearse.
- Cada unha das sesións as dividirei en 5 partes: información inicial, fase de activación, parte principal, volta á calma e información final.

c) Respecto á organización dos alumnos:

-O alumnado esperará na súa aula ordinaria a que o profesor/a vaia buscar. Ao remate da sesión acompañarémolos de novo a súa aula.

-Durante as clases, os criterios que rexerán na organización do alumnado será:

¿ Facer agrupamentos estables en cada sesión para que non se perda tempo.

¿ Empregar recursos variados que permitan crear rapidamente os agrupamentos.

¿ A organización do alumnado en canto a ocupación do espazo será a que facilite o aproveitamento máximo do tempo de traballo e permita ao profesorado a observación de todo o alumnado.

¿ A inclusión e a coeducación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación		
20	Aros (15 grandes e 5 pequenos) / Balóns de rugby (6 de rugby e 3 de fútbol americano)	8 / 8
10	Balóns de rugby (6 de rugby e 3 de fútbol americano)	9 / 21
8	Bancos suecos / Banda de látex de densidade media (azul) / amarelas / Banda de látex de resistencia alta (rosa) / verdes	1 / 3 / 1/3 / 15
23	Barruxulas / Carrros porta-material / Cinta métrica de 50 mts.	2 / 1 / 9
28	Conos (18 amarelos pequenos) / 5 de 50 Cm e 5 de 32 Cm / Contra pesos voleibol	2 / 3
20	Paus cesta punta (11 azuis / 7 vermellos / 2 rosas) / Pelotas fit ball (5 de 55cm / 1 de 75cm) / Pelotas plásticas de petanca	6 / 40 / 24
29	Petos (1 laranxa / 5 azuis talla XXL / 10 vermellos sen número / 8 vermellos con número / 5 verdes) / 16 de Picas de madeira e 6 de plástico / Platinón	22 / 1 / 3
2	Postes de voleibol / Raquetes de bádminton	2 / 7 / 2
2	Redes de voleibol / Sticks de hóckey (12 azuis / 12 amarelos)	2 / 4 / 3
3	Xogos de cesta	2

Polo feito de participar no proxecto de innovación Edusostible e Edusaúde, para a utilización dos recursos materiais teremos en conta os seguintes criterios:

-Uso adaptado ás características e nivel de aprendizaxe do alumnado.

-Uso convencional e non convencional do material.

-A reutilización de material.

-O emprego de materiais de refugallo.

-Inculcar a importancia do correcto uso do material e de como debe trasladarse e almacenarse para evitar que se deteriore, para facilitar o control de continxencias e para insistir na educación postural.

En relación ao uso doutros recursos didácticos, empregaremos material teórico de cada Unidade Didáctica que serán colgados na aula virtual do centro de xeito que o alumnado poida descargalo. Para facilitar a comprensión e o

seguimento do contido teórico da materia, empregaremos en clase un proxector.

Tamén utilizaremos artigos de periódicos, capítulos de libros, visionado de reportaxes...., para a profundización dos contidos a tratar no curso e tamén para realizar unha análise crítica de certos contidos como muller e deporte, práctica de actividade física entre a poboación escolar, relación entre o sedentarismo e certas enfermidades...etc., e deste xeito, contribuír ao desenvolvemento das competencias claves como a Competencia en Comunicación Lingüística, a Competencia Dixital, etc. O teléfono móbil do alumnado utilizarase nalgúns clases se así o require a profesora e sempre cun uso didáctico. Cando non vaia a empregarse, o alumnado terá que deixar o seu teléfono, antes da entrada aos vestiarios, nunha caixa que a profesora gardará no seu departamento e que o alumnado recollerá unha vez rematada a clase.

O móbil da profesora o empregaremos ocasionalmente no aula para ofrecer feedbacks inmediatos ao alumnado, por medio de fotografías ou gravacións das actividades que estean a realizar. Tamén utilizaremos os móbiles do alumnado nalgúns tarefas como por exemplo para descifrar códigos QR, para a elaboración de traballos que van a poñer, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Como parte da avaliación inicial de 3º ESO, faremos o seguinte:

a) Unha proba para comprobar o grao de coñecementos previos/lembranzas que o alumnado ten sobre os contidos dados no curso anterior.

b) 2 test de forza-resistencia, (test de burpees e test de flexión de brazos). Podemos obter información sobre estas probas no seguinte enlace: https://www.sportlife.es/entrenar/fitness/7-test-medir-tu-forma-fisica-fuerza-equilibrio-resistencia-en-casa_215485_102.html.

As medidas individuais e colectivas que se van a tomar unha vez finalizada a avaliación inicial, terán a súa traslación a todas as unidades didácticas en cada un dos cursos:

- Adaptando a intensidade e profundidade das actividades propostas ás posibilidades de cada alumno/a.
- Adaptando as condicións de execución das tarefas e dos obxectivos propostos, ás posibilidades de cada alumno/a
- Seleccionando os contidos que precisan ser repasados e aprendidos por ser chave para poder seguir progresando.
- Coñecendo cales son os alumnos que poden precisar de reforzo tanto en relación ao desempeño das habilidades motrices como do contido teórico da materia.
- Incluindo en cada clase tanto tarefas de reforzo como de ampliación para o alumnado que así vemos que o precise.
- Tomando medidas en canto á conformación dos grupos de traballo, de xeito que consigamos que os diferentes grupos que se creen funcionen de forma coordinada, haxa bo clima de traballo e cada alumno vaia progresando na materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	40	40	40	40
Táboa de indicadores	60	60	60	60

Criterios de cualificación:

Respecto aos criterios de avaliación:

- Os criterios que se van avaliar a través dunha proba escrita, terán un peso na nota de cada avaliación dun 40%
- Os criterios que se van avaliar a través dunha táboa de indicadores, van ter un peso na nota de cada avaliación dun 60%.

CRITERIO DE CUALIFICACIÓN:

- Para aprobar cada trimestre, o alumnado deberá obter unha nota igual ou superior a 5, unha vez sumadas as notas obtidas a través de cada instrumento de avaliación.
- Aprobar unha avaliación suporá aprobar a anterior, se esta estivera suspensa.

Á hora de redondear as notas en cada un dos trimestres, actuaremos do seguinte xeito:

- Cando o decimal sexa 6 ou un nº menor de 6, redondearemos á baixa. (exemplo: 5,6 = 5)
- Cando o decimal sexa igual ou superior 7, redondearemos cara arriba (exemplo 5,7=6)

· **CÁLCULO DA NOTA FINAL:**

- Obterase por unha das seguintes vías, sempre atendendo ao que mais favoreza a cada alumno/a:
 - **PARA O ALUMNADO QUE XA TEÑA A MATERIA APROBADA AO REMATAR A TERCEIRA AVALIACIÓN ORDINARIA**, a nota final obterase da aplicación do que de seguido se explica, buscando sempre a medida que mais favoreza ao alumnado:
 - A) A mesma nota ca da 3ª avaliación, dado o carácter progresivo dos contidos e da avaliación.
 - B) Será o resultado de calcular a nota media das 3 avaliacións ordinarias, se esta nota é mellor ca obtida aplicando a opción A)
 - C) A mesma nota que a obtida nunha proba escrita global voluntaria, cos contidos das tres avaliacións, que terá un valor de 10 puntos. A nota obtida nesta proba só se terá en conta como cualificación final se é maior que a nota obtida polo procedemento mais favorecedor para o alumnado (procedemento A ou B).
- NOTA: o alumnado que aprobe unicamente a 3ª avaliación, levará como nota final, a nota desta 3ª avaliación. Este alumnado poderá presentarse á proba escrita global voluntaria descrita no apartado C)

· **IMPORTANTE:**

- Ø Se algún alumno/a é sorprendido copiando nun exame escrito, **SE LLE RETIRARÁ O EXAME**, sendo este cualificado cun 0. Este/a alumno/a terá a oportunidade de volver a facer o exame escrito, na data que a profesora dispoña.
 - Ø Atenderase ao disposto no RRI do centro por si esta conduta dera lugar a algunha sanción.
 - Ø Segundo está recollido no RRI do centro, o alumnado que falte o día estipulado para facer un exame ou proba práctica, ou o día estipulado para entregar algunha actividade ou traballo, sen aviso previo, deberá xustificar á profesora a súa ausencia para que esta estableza unha nova data. Non se lle fará o exame e non se lle recollerá a actividade/traballo ata que non se xustifique esa ausencia.
- Se nalgunha proba obxectiva a entregar polo alumnado, hai certeza de que as respostas foron copiadas doutro compañeiro/a, se lle porá un 0 nesa actividade á persoa que copiou. Á persoa que lle facilitou que copiase, se lle reducirá a nota obtida nun 50%.

Criterios de recuperación:

Dado que a nosa programación é progresiva, aprobar unha avaliación suporá aprobar a anterior, se esta estivera suspensa.

PARA O ALUMNADO QUE TEÑA QUE RECUPERAR A MATERIA, a cualificación final será a nota obtida nunha proba de recuperación (proba escrita global cos contidos das 3 avaliacións), redondeada ao alza a partir do decimal 7. Para dar por aprobada a materia terá que obter unha nota igual ou superior ao 5. A nota obtida nesta proba será a súa nota final.

CASOS ESPECIAIS:

- **ALUMNADO QUE SÓ SUSPENDA A 3ª AVALIACIÓN:** este alumnado terá que presentarse ao exame final de recuperación, onde obrigatoriamente terá que facer só a parte correspondente á 3ª avaliación. Para dar por aprobada a materia terá que obter unha nota igual ou superior ao 5. Aplicarase o redondeo ao alza sobre a nota obtida nesta proba, tal e como se explicou anteriormente. A nota obtida nesta proba será a súa nota final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No presente curso non temos alumnado coa materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adoptarmos aos diferentes ritmos de aprendizaxe, intereses e capacidades, adoptaremos as seguintes medidas:

- Adaptar a intensidade e complexidade das actividades propostas ás posibilidades de cada alumno/a.
- Adaptar as condicións de execución das tarefas (que as facilliten ou as dificulten) e dos obxectivos propostos, ás posibilidades de cada alumno/a.
- Empregar tarefas definidas, semidefinidas e non definidas.
- Dar un marxe de ata unha semana para que se entreguen as tarefas escritas propostas, adaptándonos así aos diferentes ritmos de traballo do alumnado.
- Nas probas escritas, propor cuestións de diferente nivel de dificultade e coidar que todo o alumnado poida contestar a todas as preguntas e lle de tempo a repasar as súas respostas antes de entregar a proba.
- Prever en cada clase tanto tarefas de reforzo (por exemplo, baixar o nivel de dificultade da tarefa; dar mais tempo para resolver a tarefa, traballo en equipo heteroxéneo ou facer titorás entre iguais, etc), como de ampliación para o alumnado que vemos na clase que así o precise. As actividades de ampliación poden ir dende proporlles tarefas cun nivel de complexidade mais elevado ou axudar a modo de tutores, a compañeiros/as que o precisen.
- Crear grupos de traballo variados, heteroxéneos, tanto en relación ás persoas que os compoñen, como aos intereses, motivacións e posibilidades de cada integrante do grupo.
- Propor tarefas con diferente nivel de dificultade para que o alumnado elixa a que mellor se adapte aos seus intereses e capacidades.
- Desenvolver contidos variados, de todos os bloques, e presentalos de xeito que resulten atractivos para todo o alumnado, co fin de motivalos.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade, unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

No caso do alumnado que non pode participar ao 100% no desenvolvemento dalgunha clase por estar lesionados, indispostos ou porque se lles esqueceu o material específico (chándal/tenis), proporémoslles participar na sesión adoptando o rol que a profesora lles asigne (preparador físico; axudante da aprendizaxe; avaliador, etc.), facilitando así que estén centrados na clase e poidan alcanzar os obxectivos que nesa sesión se traballen.

No caso do alumnado lesionado de longa duración (que situamos en mais de 4 semanas) para os que o ditame médico sexa non facer ningún tipo de actividade física, ademais do exposto no punto anterior, (desempeño de certos roles en cada sesión), se lles proporá a realización dun traballo relacionado coa temática que estemos a traballar na unidade didáctica (que terán que entregar por escrito dentro do prazo que se estableza), contestar ás preguntas que a profesora faga sobre o seu traballo e tamén teranno que expor á clase na data que profesora e o/a alumno/a acorden. O valor máximo deste traballo e da exposición poderá ser de ata o 50% da nota da unidade didáctica (en función da duración prevista da lesión/enfermidade). A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas.

Neste curso non temos alumnado coa materia suspensa en cursos anteriores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.8 - A creatividade	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X
ET.10 - Respecto mútuo e cooperación entre iguais	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Realización das sesións no entorno natural próximo ao centro	-Impartir algunhas das sesións no entorno natural próximo ao centro, como a praia ou o campo.
Charlas ofrecidas por persoas alleas ao centro	Charlas de expertos sobre temática que forme parte do currículo da materia . Estas charlas poden realizarse en colaboración con outros departamentos e poden realizarse ao longo de todo o curso.
Coreografíate	-Participaremos no Certame Coreografíate da AS-PG, que é un evento organizado e xestionado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega nun apoio á música realizada en galego como forma de comunicación e divulgación da lingua e música galega. Nela participará alumnado de 3º e de 4º e a preparación da coreografía levaranos todo o mes de outubro e novembro. Faise en colaboración co departamento de música e EDLN

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Porcentaxe de aprobados
Temporalización das UDs
Avaliación da práctica docente
Ambiente nas sesións
Deseño e desenvolvemento das UDs
Información ao alumnado e ás familias sobre a programación

Descrición:

Indicador 1 -A porcentaxe de aprobados debe alcanzar polo menos o 70%.

Indicador 2 -Recolleranse nunha táboa, o grao de cumprimento da temporalización das Uds.

Indicador 3 -Empregarase 1 cuestionario que terá que contestar o alumnado. Establécendose como indicador positivo, que polo menos o 70% das respostas se sitúen na columna de "satisfactorio"

Indicador 4 -Dentro do cuestionario de satisfacción que terá que contestar o alumnado (indicador 3), haberá un ítem para valorar o ambiente nas sesións. Espérase que polo menos o 70% das respostas se sitúen no nivel "satisfactorio".

Indicador 5 -Recollerase nunha táboa de indicadores, o grao de satisfacción da docente co deseño e desenvolvemento de cada UD. Darase o resultado como satisfactorio se polo menos o 70% das respostas se sitúan nesta columna (na de "satisfactorio")

-Nunha táboa indícarase se a programación está a disposición das familias e do alumnado para a súa consulta, na páxina web do centro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando os procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e ir así facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Faremos o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.

- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.

- Ao finalizar cada trimestre, analizarase o grao de consecución dos indicadores de logro da práctica docente

establecidos na presente programación.

- Na memoria de final de curso, incluíranse as propostas de mellora que deben reorientar e modificar a nova programación.

9. Outros apartados